

Carlos Casares

e a xestión cultural

Manuel Janeiro

Deseñador gráfico e escritor

Durante o período no que Carlos Casares foi director xeral de Editorial Galaxia, dende 1985 ata a súa morte en 2002, o deseño gráfico acadou unha importancia de primeira orde, tanto na perspectiva cultural como industrial. Un rol pouco común no resto da industria cultural galega. Daquela, tanto a imaxe corporativa, eran obxecto de atención, pensamento e asignación de recursos, a -cun substancial cambio de logotipo- os eventos e as exposicións, xunto co material promocional e, de maneira moi especial, o deseño das coleccións de Editorial Galaxia.

Carlos Casares pasou á historia como escritor e tamén como peza clave no desenvolvemento e normalización da cultura galega. Precisamente neste último aspecto se inscribe a súa cabal comprensión do papel que o deseño, e en concreto a gráfica edito-

rial, deben xogar nunha industria editorial moderna.

Correspondeume a min a honra de traballar con el neste terreo. Fun eu quen recibiu o encargo de formular, ao principio dos anos oitenta, unha nova proposta para o logotipo de Galaxia, que levaba vixente dende a creación da editorial en 1950 e, así mesmo, quen deseñou a meirande parte das coleccións desa época e quen realizou posteriormente os deseños dun número inxente de cubertas.

Na miña faceta de deseñador editorial poucas veces traballei tan a gusto como con Carlos Casares e poucas veces sentín que o meu traballo era tan frutífero, coa excepción, se cadra, do traballo que realizaba paralelamente para a editorial Gredos, unha institución daquela moi seme-


llante a Galaxia, cando menos no referido ao escrupuloso respecto polo traballo dos creadores.

Casares tiña a capacidade máis apreciable nun verdadeiro xestor cultural: a de potenciar o traballo dos demais. Cando discutía comigo un novo proxecto non buscaba deixar o seu selo nel, non era o seu obxectivo protagonizar nada, o seu selo reservábo para as súas obras literarias. O que pretendía era reflexar a personalidade de Galaxia, a súa identidade, e para iso confiaba no experto deixándolle as mans libres. "Ti dálle unha volta" é todo o que dicía ao cabo dunha reunión onde se expresaba o programa do proxecto.

Como resultado desa colaboración en responsabilidade e liberdade, xurdiron deseños dos que me sinto verdadeiramente orgulloso. Foron moitos



*Dos arquivos do trasno
de Rafael Dieste, cuberta
da edición de 2001*



*Escola de menciñeiros
de Álvaro Cunqueiro,
cuberta da edición de
2002*

anos de colaboración produtiva e podería citar, polo tanto, varios traballos merecentes dalgunha mención. Sen embargo, recordarei aquí so un deseño de colección como exemplo do meu vínculo con Casares. Trátase do deseño da Colección Literaria de Galaxia, que cubre o período que vai de 1993 a 2002.

Era a terceira vez que recibía o mesmo encargo. Na miña carreira profesional deseñei esa colección catro veces: unha primeira vez antes de que Carlos Casares dirixira a editorial; dúas veces durante a vida de Carlos e a última vez tras a súa desaparición, por encomenda do equipo que lle sucedeu na dirección da editorial.

Os dous primeiros deseños da Colección Literaria realiceinos conxuntamente con Francisco Mantecón. Naqueles anos compartíamos un estudio de deseño. O terceiro deseño foi un encargo directo de Carlos Casares, que pensaba que a colección necesita unha nova formulación visual que a resitúase culturalmente.


No programa pedíase un proxecto completo de maquetado interior e unhas cubertas que a diferenciases orixinalmente no mercado, ao tempo que a identificasen consigo mesma e coa institución. Pedíase algo de carácter sobrio e equilibrado, lonxe do balbordo que empezaba a reinar nos escaparates das librerías.

O resultado foi unha maqueta cuxo protagonista era o lector: interior limpo, con corpo e entreliñado xeneroso e brancos suficientes que vestisen o texto. As capas formulaban unha composición de equilibrios rotos. A capa aparecía orlada, pero

a liña formal da orla deixaba un vano no seu asentamento para propiciar a presenza do logotipo. Un xogo de rectángulos centrais, organizados todos nun fuste ao eixe, cumprían practicamente todas as funcións requiridas a unha cuberta: expresión do título e do autor, lugar do logotipo de colección e soporte da plástica que diferenciaba un libro de outro, ademais da color de fondo e orla. A contracapa era como un contratipo semántico da capa: o que na capa era texto na contracapa era imaxe e viceversa.

Xa dixeran que o que diferenciaba os libros dentro da colección, amén dos títulos e paratextos, era a imaxe elixida para representalos, polo común obras pictóricas, e tamén, a cor da orla en tons escuros e o fondo cromático da cartolina -gofrada e plastificada en mate- en tons sempre claros. Tipograficamente a colección usaba en interior e exterior unha letra con pe de raíz romana e un uso significativo da cursiva. O lombo e as lapelas utilizaban as mesmas estruturas lineais e rectangulares que as cubertas.

Traballei con Casares estreitamente na construción dunha imaxe para Galaxia que fose capaz de continuar con honra os espléndidos inicios plásticos da editorial da man de Xohán Ledo, pero tamén traballei para o Concello da Cultura Galega durante a época na que Casares o presidiu, e tras a súa desaparición, atopei o consolo de ser eu quen deseñara, con inmenso interese e afecto, a imaxe da súa Fundación.



O sol do verán de Carlos Casares, cuberta da edición edición de 2002



galaxia

Logotipo de Editorial Galaxia